




“Marcho, que teño que marchar”: monitorización do período seco

Neste último capítulo analizamos como, xunto co seu veterinario, pode avaliar de maneira sinxela o resultado do manexo do secado nas súas vacas, o que resulta especialmente interesante nesta época na que moitas ganderías tiveron que implementar cambios, para adaptarse á nova lexislación do uso de antibióticos.

Carlos Carbonell, Laura Elvira
Servizo Técnico de Ruminantes MSD Animal Health

temas de xestión, indicadores clave que facilitan a interpretación e a análise deses datos.

Existen indicadores de saúde do ubre que nos axuden a valorar o resultado do período seco?

Unha ferramenta moi usada polos veterinarios na xestión da calidade do leite é o recuento de células somáticas individualizado, que se obtén grazas ao traballo das asociacións de control leiteiro. Con base nestes datos, tamén podemos obter uns indicadores clave para valorar a evolución da saúde do ubre durante a fase na que non se muxa a vaca.


O refraneiro popular serviu-nos de guía para reflexionar sobre o manexo integral do secado e a saúde do ubre nas vacas de alta produción. Para despedir esta serie de artigos, non se nos ocorre mellor refrán que “Marcho, que teño que marchar”, expresión moi galega que se di cando un marcha, non porque queira, senón porque é o que toca.

O QUE NON SE MIDE NON SE PODE XESTIONAR

Se queremos avaliar calquera proceso ou sistema de traballo, necesitamos medir certos parámetros para obter datos que poidamos analizar. Con todo, os datos por si sós non sempre achegan información e a información tampouco supón, en moitos casos, coñecemento. De aí que xurdan, en todos os sis-

► UNHA FERRAMENTA MOI USADA POLOS VETERINARIOS NA XESTIÓN DA CALIDADE DE LEITE É O RECONTO DE CÉLULAS SOMÁTICAS INDIVIDUALIZADO, QUE SE OBTÉN GRAZAS AO TRABALLO DAS ASOCIACIÓNS DE CONTROL LEITEIRO

Esquema 1. Clasificación das vacas a nivel de saúde de ubre, en función do recuento de células somáticas en control anterior ao secado e o primeiro control posparto. Categorízase a vaca como vaca “sa” ou “enferma” tendo en conta se o recuento é superior ou inferior a 200.000 cls./ml



Primeiro, tal e como se mostra no **esquema 1**, clasificamos a vaca, antes de secala, como “sa” ou “enferma ou infectada”, en función do recuento de células somáticas no control previo ao secado. Despois, unha vez que o animal remata o seu período seco e empeza a nova lactación, vólvese clasificar como “sa” ou “enferma” no seu primeiro control despois do parto.

E así, obtemos uns indicadores que nos describen unha fotografía, bastante detallada, do **status sanitario a nivel de mamite subclínica durante o período seco**:

• **Porcentaxe de vacas “enfermas ou infectadas ao parto”** → Vacas que teñen un recuento maior 200.000 cls./ ml no primeiro control posparto.

• **Risco de nova infección ao parto** → Risco de que unha vaca que chega “sa” ao secado estea “enferma” no primeiro control posparto.

• **Probabilidade de curación ao parto** → Probabilidade de que unha vaca que chegue “enferma” ao secado se cure aparentemente durante o secado. ►►

2 Soluciones PREMIUM para el control celular

POWER BLUE MIX



POTENTE ACCIÓN
DESINFECTANTE

▼
Fungicidas
Bactericidas
Viricidas

FUERTE EFECTO
MARCANTE

▼
Aplicación
muy visible

HMVIR FILM +



REFORZADOS CON
AGENTES COSMÉTICOS

▼
Hidratación hasta
el siguiente
ordeño.

CONSUMO
CONTROLADO

▼
Viscosidad óptima
Sin goteo

NO TE OLVIDES DE CUIDAR
TU EQUIPO DE ORDEÑO



EL NUEVO
NOMBRE
PARA



KERSIA IBÉRICA, S.L. Tel: 948 32 45 32 | kersiaiberica@kersia-group.com www.kersia-group.com

► OS RABAÑOS CONTAN CON MOITAS MÁIS VACAS CON UBRES SANS CA ENFERMOS. DE AÍ QUE SEXA CRÍTICO ANALIZAR SE AS VACAS CONTINUÁN “SAS” TRAS O PARTO

En capítulos anteriores, explicamos que o período seco é a etapa de maior risco para adquirir novas infeccións intramamarias por patóxenos ambientais, especialmente ao comezo e ao final deste período. E como consecuencia, increméntase moito o risco de padecer mamite clínica os primeiros meses de lactación.

Entón, **dispoño de indicadores para valorar se a orixe da infección destas mamites clínicas tivo lugar durante o período seco?**

De novo, os expertos de calidade de leite crearon un índice, a **porcentaxe de mamite clínica nos primeiros 30 días despois do parto** para analizar este apartado. Para iso, é indispensable que leve un rexistro dos tratamentos de mamite clínica na granxa. E é moi recomendable que, se pode, analice cos seus técnicos este dato, especialmente se ten máis de 5 vacas con mamite clínica, no primeiro mes posparto, cada 100 partos.

E como pode saber se os meus resultados son correctos?

Unha vez que se dispón dos indicadores, ábrese unha oportunidade de descubrir se existen áreas de mellora e, para iso, cómpre comparar o resultado. Existen dous tipos de comparativas, a primeira cun mesmo ao longo do tempo para saber a evolución propia. A segunda sería comparando os nosos datos cos das outras ganderías, para coñecer como estamos respecto dos demais. Imos pór exemplos de granxas reais e, para iso, por sorte, dispoñemos destes indicadores medios a nivel nacional na sección de calidade de leite da plataforma Simbad de Conafe.

Hai que ter en conta que a calidade de leite das ganderías mellorou moito e, como consecuencia, os rabaños contan con moitas máis vacas con ubres sans ca enfermos. Por iso é polo que sexa crítico analizar, se as vacas se infectan durante o período seco, ou continúan “sas” tras o parto.


Para iso, a **gráfica 1 presenta o risco de novas infeccións ao secado, durante os últimos 6 anos dunha granxa de Lugo de alta produción.**

Na gráfica, obsérvase que a tendencia mostra un incremento do número de vacas que se infectan cada ano durante o período seco. Por exemplo, en 2020, infectábase 1 de cada 10 vacas que chegaran sas ao secado. Con todo, no 2023, esta cifra aumentou ata 3, o que supuxo que neste rabaño de 120 animais, 24 vacas máis iniciaron a lactación infectadas. A consecuencia para o gandeiro foi un incremento tanto das mamites clínicas graves na lactación temperá coma das células somáticas no tanque a partir de metade do ano 2023.


E estes resultados son bos ou malos?

Para sabelo, a esta mesma gráfica, podemos añaírlle os valores medios que recompila Conafe de todos os gandeiros a nivel nacional e **que podemos usar de referencia.** Deste modo, como se observa na gráfica 2, esta gandería estivo os primeiros cinco anos con moi bos datos, moi por debaixo da media. Non obstante, durante 2023 non continuou esta tendencia. ►►

Gráfica 1. Risco de novas infeccións durante o período seco dunha granxa de Lugo de 120 vacas ao longo de 6 anos (2017-2023)



Gráfica 2. Risco de novas infeccións durante o período seco dunha gandería de Lugo (azul) e media nacional de Conafe (vermello) ao longo de 6 anos (2017-2023)



SHUTOUT®



Una nueva barrera en la protección del pezón



SELLADO POR VACACIONES

TODAS
LAS VACAS

MERECEN UN
SELLADOR

¿Listos para el cambio?


Descárgate la ficha formativa
de Secado Selectivo



Salubre
SECADO SELECTIVO

 **MSD**
Animal Health

Gráfica 3. Probabilidade de curación ao secado dunha gandería (azul) e a media nacional de Conafe (vermello) de febreiro a decembro do 2023



Esta gandería, a comezos do 2023, implementou o secado selectivo e os resultados non foron os esperados. De feito, a principios do 2024, comezou a traballar cun servizo de calidade de leite e os primeiros pasos consistiron en reducir as posibilidades de entrada das bacterias ambientais. Neste caso púxose o foco en tratar de mellorar a hixiene e o benestar das vacas secas, incrementado o espazo por vaca de cama quente. Así mesmo, vánelles aplicar seladores internos a todas as vacas organizando previamente un adestramento do procedemento por parte do seu técnico.

E se teño controladas as novas infeccións ao secado xa o teño todo solucionado?

Pois a verdade é que non, xa que, para conseguir moitas vacas sas ao parto, teremos que traballar en dous aspectos: 1) prever as novas infeccións durante o secado, e 2) curar as infeccións existentes.

Na gandería da gráfica 3, as novas infeccións ao secado están ao redor do 12 % e non lle causan moito problema. En cambio, as curacións a partir de xuño, como se observa na gráfica, derrumbáronse. As vacas que

non se curan terán un recuento de células somáticas superior ao resto na seguinte lactación. Ademais, producirán menos leite, presentarán maior risco de padecer mamite clínica e unha menor supervivencia no rabaño. De aí que sexa fundamental revisar co seu técnico: o criterio de selección das vacas a tratar con antibiótico de secado, os patóxenos que lle causan problemas e as resistencias destes á hora de seleccionar o antibiótico a elixir, así como asegurar o benestar da vaca neste período para que non afecte o seu estado inmunitario.

CONCLUSIÓNS

Calquera dato é susceptible de mellorar, aínda que tamén de empeorar. De aí que lle recomendamos, en primeiro lugar, que invista tempo co seu veterinario en analizar os indicadores de saúde do ubre ao redor do secado para ver se existen ou non oportunidades de mellora.

E para finalizar o último capítulo desta serie, lembre que as cousas importantes da vida, coma a amizade ou a saúde, se recoñecen principalmente porque en realidade, non son cousas. E, ademais, non se poden contar nin analizar...

► RECOMENDÁMOSLLE QUE INVISTA TEMPO CO SEU VETERINARIO EN ANALIZAR OS INDICADORES DE SAÚDE DE UBRE AO REDOR DO SECADO PARA VER SE EXISTEN OU NON OPORTUNIDADES DE MELLORA

Por iso, por favor, tenten ser felices e nós marchamos, que temos que marchar. ■

NOTA DOS AUTORES

Bibliografía a disposición de quien lo solicite

 PREMIUM ADVANCED STARTER

Cada etapa cuenta

 **SenseHub® Dairy
Youngstock,**
tu gran aliado en la recría.

Sensehub® Dairy es la solución que puede monitorizar los animales desde que nacen hasta el final del ciclo productivo, ofreciendo información fiable 24/7 para contribuir en la toma de decisiones.

Este producto no está diseñado para diagnosticar, tratar, curar o prevenir ninguna enfermedad en los animales. Para diagnosticar, tratar, curar o prevenir enfermedades animales, consulte con su veterinario. La precisión de los datos recogidos y presentados en este producto no tienen como intención compararse con los de dispositivos médicos o cualquier otro dispositivo de medida científico.